



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN EQUIPAMENTO DA CASA DE MÚSICA TENORIO, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO.

CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

A. PODER ADXUDICADOR:	Administración.
Contratante:	Ilmo. Concello de Cerdedo-Cotobade.
Órgano de contratación:	Alcaldía.
Servizo xestor:	Secretaría do Concello de Cerdedo-Cotobade.
Enderezo órgano contratación:	Chan , 11 (3856 CARBALLEDO).
Teléfonos:	986760001 - 609186166
Correo electrónico:	administracion@cerdedo-cotobade.gal
Sede electrónica:	https://concellodecerdedocotobade.sedelectronica.gal/info.1
B. PROCEDIMENTO ADXUDICACIÓN:	
Número expediente Concello:	1757/2024
Tipo de contrato:	Contrato mixto Subministro e servizo.
Procedemento de adxudicación:	Aberto simplificado abreviado (Art. 159.6 LCSP)
Tramitación:	Ordinaria.
Forma presentación de ofertas:	Electrónica. Empregarase o Sistema de Licitación Electrónica da Plataforma de Contratación del Estado (PLACE). https://contrataciondelestado.es
Acceso á Plataforma de Contratación del Estado de licitación electrónica (PLACE):	A información do acceso ao programa atópase recollida na Cláusula 14.2
Documentación a presentar:	A indicada na Cláusula14.2.
Prazo de presentación de ofertas na Plataforma de Contratación del Estado de licitación electrónica (PLACE):	O prazo de presentación de ofertas no PLACE será de 10 días hábiles , a contar dende o seguinte ao da inserción do anuncio de licitación na Plataforma de Contratos del Estado, na forma que se indica na Cláusula 14.2. Hora límite: 23:59.
Cabe recurso especial:	Non
Contrato suxeito a regulación harmonizada:	Non.
C. DEFINICIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO:	





Obxecto do contrato:	SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DO EQUIPAMENTO DA CASA DE MÚSICA TENORIO.	
Códigos identificación das prestacións obxecto do contrato (CPV):	39515400-9 Estores 32342410-9 Equipo de son 32321200-1 Equipo audiovisual 39100000-3 Mobiliario	
Procedemento de selección e adxudicación:	A forma de adxudicación do contrato será o procedemento aberto simplificado (Art. 159.6 LCSP) , no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.	
Criterios de selección:	Establecidos en la Cláusula 15.	
Garantías:	Non se esixen.	
D. PREZO ESTIMADO DO CONTRATO E PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN		
Valor estimado 24.793,37 €	Ive: 5.206,61€	Presuposto base licitación: 29.999,98€
E. RÉXIME DE FINANCIAMENTO.		
Aplicación orzamentaria:	334.625	
Achega financiamentos externos:	-Convenio entre a Consellería de Cultura e o concello de Cerdedo-Cotobade para o equipamento da casa da Música.	
Achega do Concello:	0,00€	
F. PRAZO DE EXECUCIÓN:	1 MES	
G. PRÓRROGA:	Non.	
H. DATOS DE FACTURACIÓN:	O código DIR do Concello de Cerdedo-Cotobade é L01369026 Os códigos DIR3 de este Concello, de acordo coa súa estrutura organizativa son: Oficina contable: L01369026-OC Órgano xestor: L01369026-OG Unidade tramitadora: L01369026-UT	

1. Obxecto do contrato.

O contrato terá por obxecto a execución do “**SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DO EQUIPAMENTO DA CASA DE MÚSICA TENORIO.**”

Establécense os códigos de identificación das prestacións (CPV) seguintes:





39515400-9	Estores
32321200-1	Equipo de son
32321200-1	Equipo audiovisual
39100000-3	Mobiliario

Vista a definición que do obxecto do contrato se efectúa nos correspondentes pregos de cláusulas administrativas estariamos ante a execución dun contrato mixto de subministro e servizo da instalación do Equipamento da Casa da Música de Tenorio..

2. Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato.

Mediante a execución do contrato ao que se refire este prego de cláusulas administrativas particulares, satisfarase a necesidade de subministrar Estores, aparatos de son e audivisuais e mobiliario para a Casa da Música de Tenorio.

3. Valor estimado e presuposto de licitación.

O valor estimado do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 101 LCSP, ascende á cantidade de **24.793,37€**.

O presuposto base de licitación ten un importe de **29.999,98€**.

Valor estimado do contrato	24.793,37
21 % IVE	5.206,61€
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN	29.999,98

División en lotes do obxecto do contrato

O contrato divídese nos seguintes lotes

Lote 1:	Estores	Base 6058	IVE 1272,18	Total 7330,18
Lote 2:	Equipo de son	Base 7371,27	IVE 1547,97	TOTAL 8919,24
Lote 3	Mobiliario	Base 9831,40	IVE 2064,60	TOTAL 11895,99
Lote 4	Equipamento audiovisual	Base 1532,70	IVE 321,87	TOTAL 1854,57
TOTAL CONTRATO				29999,98



**ORZAMENTO****ESTORES**

Cantidade	Descrición	Prezo
8	Estor enrollable tecido screen apertura 3% accionamento con cadena , media 0,75x 2,50, con colocación	1.404,00€
5	Estor enrollable tecido screen apertura 3% accionamento con cadena , media 1,00x 2,50, con colocación	1.007,50€
4	Estor enrollable tecido screen apertura 3% accionamento con cadena , media 2,18x 2,50, con colocación	1.800,50€
4	Estor enrollable tecido screen apertura 3% accionamento con cadena , media 1,00x 2,50, con colocación	806,00€
1	Estor enrollable tecido screen apertura 3% accionamento con cadena , media 0,70x 2,50, con colocación	175,50€
1	Estor enrollable tecido screen apertura 3% accionamento con cadena , media 0,95x 2,50 con colocación	201,50€
1	Estor enrollable tecido screen apertura 3% accionamento con cadena , media 3,23x 2,50, con colocación	663,00 €
TOTAL PARTIDA		6.058,00 €

EQUIPO DE SON

Cantidade	Descrición	Prezo
4	Caixa acústica pasiva 240 W @ 16 Ohm, 40/20 WL100V. 2 x Woofer 5" + Driver 1	1.040,00 €
2	Subwoofer amplificado. 150 W. Altavoz 10".	650,00€
4	Soportes de pared para ARQ25	156,00€
2	Amplificador audio. 4 x 150 W @ 4 Ohm. 9	1.040,00€
1	16.0.2 USB Mesa Digital	1.235,00 €
3	Microfonos SM 58 Shure	429,00 €





3	Pie de micrófono	468,27€
300	Cable para altavoz. 2 conductores	780,00 €
1	Manguera 16 canais	468,00 €
1	Distintas medidas de cable XLR	325,00 €
1	Montaxe e man de obra	780,00 €
TOTAL PARTIDA		7.371,27 €

EQUIPAMENTO MOBILIARIO

Cantidade	Descrición	Prezo
3	PIZARRA PENTAGRAMA DE 122X150 CM	136,10 €
4	MESAS INFANTIS RECTAGULAR DE 120X80 CM	760,00 €
12	CADEIRAS INFANTIS	509,30 €
4	COLCHONETAS DE 110X60X5 CM	150,00 €
16	CADEIRAS CON PALAS ABATIBLES	1.360,00 €
8	ARMARIOS DE PERSIANA 100X80CM	1.896,00 €
100	CADEIRAS APILABLES CON ASENTOS E RESPALDO TAPIZADO	4.500,00€
1	ARMARIO MONOBLOQUE CON TAQUILLAS	520,00 €
TOTAL PARTIDA		9.831,40 €

EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL

Cantidade	Descrición	Prezo
1	PIZARRA DIXITAL	897,00 €
1	PANTALLA DE PROYECCION ELÉCTRICA	128,70 €
1	PROXECTOR	507,00 €
TOTAL PARTIDA		1.532,70 €

TOTAL PARTIDAS	24.793,37 €
IVE (21%)	5.206,61€
TOTAL ORZAMENTO IVE INCLUÍDO	29.999,98 €

O licitador pode concorrer a un, varios ou todos os lotes.

4. Aplicación orzamentaria.

O contrato mixto de subministro e obra de instalación financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 334 629, co seguinte financiamento:





O Concello de Cerdedo-Cotobade asinou o CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA PARA EQUIPAMENTO DA CASA DE MÚSICA polo importe de 29999,98€ para o financiamento deste contrato, asinado na data do 22.07.2024.

5. Réxime xurídico do contrato e documentos que teñen carácter contractual.

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das corporacións locais, o contrato rexerese pola Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RD 817/2009); polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro (RGLCAP), en todo o que non se opoña á anterior e Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de obras do Estado, aprobado por Decreto 3854/1970, do 31 de decembro, no non previsto no primeiro.

A aplicación destas normas levará a cabo en relación con todo o que non resultase afectado pola disposición derogatoria da LCSP.

6. Prazo de entrega.

O prazo de execución da subministración é de **1 mes**.

7. Procedemento de adxudicación.

De conformidade co disposto no artigo 159.6 LCSP, o contrato adxudicarase *por procedemento aberto simplificado abreviado* e se levará a cabo atendendo a unha pluralidade de criterios de adxudicación.

A adxudicación do contrato corresponde ao órgano de contratación.

O órgano de contratación adxudicará o contrato ao licitador, que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 LCSP.

Unha vez aceptada a proposta da Mesa polo órgano de contratación, os servizos correspondentes requirirán ao licitador que presentase a mellor oferta, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar desde ou seguinte a aquel no que recibira ou requirimento, presente a seguinte documentación:

8. Aptitude para contratar.

Poderán optar á adxudicación do presente contrato as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en unión temporal de empresarios, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas nalgunha prohibición de contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigacións dimanantes do mesmo. Igualmente, nos supostos de escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o



contrato coa entidade á que se atribúa o contrato, que quedará subrogada nos dereitos e obrigacións dimanantes do mesmo, sempre que reúna as condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar, e a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación ou que as diversas sociedades beneficiarias das mencionadas operacións e, en caso de subsistir, a sociedade da que proveña o patrimonio, empresas ou ramas segregadas, responsabilícense solidariamente con aquelas da execución do contrato. Se non puidese producirse a subrogación por non reunir a entidade á que se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias resolverase o contrato, considerándose para todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

Para os efectos anteriores a empresa deberá comunicar ao órgano de contratación a circunstancia que se produciu.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Os contratistas deberán contar así mesmo coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato referido a cada lote.

En relación coas empresas comunitarias ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e empresas non comunitarias será de aplicación o disposto nos artigos 67 e 68 LCSP.

De conformidade co artigo 159.4 a) e 6 LCSP, todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través do *procedemento simplificado sumario* deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrência.

A capacidade de obrar dos licitadores e a non concorrência de prohibicións de contratar acreditarase mediante a súa inscrición no **Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia**.

A inscrición no **Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia** acreditará, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como a concorrência ou non das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo. A proba do contido dos Rexistros Oficiais citados efectuarase mediante certificación do órgano encargado de cada un deles, que poderá expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

9. Perfil do contratante.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co perfil de contratante que se aloxa na Plataforma de Contratación del Estado.



10. Clasificación esixible.

Non é precisa a clasificación do contratista.

11. Garantías esixibles.

Provisional: Non se esixe.

Definitiva: Non se esixe.

12. Responsable do contrato.

Ao responsable do contrato que designe o órgano de contratación correspóndelle, de acordo co disposto no artigo 62.1 LCSP, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúa.

A Administración ten a facultade de inspeccionar e de ser informada do proceso de fabricación ou elaboración do produto que teña que ser entregado como consecuencia do contrato, podendo ordenar ou realizar por si mesma análises, ensaios e probas dos materiais que se vaian a empregar, establecer sistemas de control de calidade e ditar cantas disposicións estime oportunas para o estrito cumprimento do convido.

13. Unidade encargada do seguimento e execución do contrato.

De conformidade co artigo 62 LCSP, a unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato será a oficina de información xuvenil do Concello de Cerdedo-Cotobade.

14. Presentación de ofertas, lugar, prazo e documentación administrativa.

14.1. Condicións previas.

As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha.

Cada entidade licitadora non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

Na oferta económica entenderanse incluídos para todos os efectos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario, como consecuencia do cumprimento das obrigacións contempladas no presente prego.

Só poderá presentar unha oferta económica, non sendo admitidas as proposicións económicas por importe superior ao orzamento previamente aprobado para a contratación.

No caso de discordancia entre a cantidade consignada en cifras e a consignada en letra, prevalecerá esta última.



Non se aceptarán, e por tanto serán excluídas, as proposicións que:

- Teñan contradicións, omisións, erros ou riscadas que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta.
- Aquelas que carezan de concordancia coa documentación examinada e admitida.
- Excedan do tipo máximo de licitación.
- Comporten erro manifesto no importe da proposición.
- As que varíen o modelo de proposición establecido neste prego.

O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo dun mes a contar desde a apertura.

14.2 Lugar e prazo de presentación de ofertas.

As ofertas presentaranse **exclusivamente por medios electrónicos** a través dos servizos telemáticos da Plataforma de Contratación do Sector Público e enviaranse ao seguinte enderezo: <https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma> no prazo de **10 días hábiles contados** a partires do seguinte ao da inserción do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Cerdedo-Cotobade (enlazado coa Plataforma de Contratación del Estado). **Hora límite: 23.59.**

As proposicións deberá presentarse unicamente en forma electrónica, a través dos servizos telemáticos da Plataforma de Contratación do Sector Público por medio da “Ferramenta de Preparación e Presentación de Ofertas” da Plataforma de Contratación do Sector Público. Para tal efecto, dispoñen da Guía dos servizos de licitación electrónica para Empresas que se poderá atopar no seguinte enlace: <https://contrataciondelestado.es/wps/portal/guiasAyuda>

Na citada guía documentase como o licitador debe preparar e enviar a documentación e os sobres que compoñen as ofertas mediante a “Ferramenta de Preparación e Presentación de Ofertas”, que se pon a súa disposición e que arrancará automaticamente no seu equipo local seguindo as instrución que figuran na guía de referencia. Para estes efectos é requisito inescusable ser un usuario rexistrado da Plataforma de Contratación do Sector Público e encher tanto os datos básicos como os datos adicionais (Ver Guía de Utilización da Plataforma de Contratación do sector Público para Empresas-Guía do Operador Económico) dispoñibles no anterior enlace. Ademais do rexistro e da cumprimentación do seu perfil, o licitador ten que engadir a licitación na que se encontre interesado á “As Miñas Licitacións”. Unha vez presentada a oferta a través da plataforma do sector público, xerarase un xustificante ou recibo electrónico que garantirá a data, hora e contido da oferta. Dito xustificante inclúe un CSV (Código seguro de verificación) que garantirá mediante o cotexo na Plataforma de Contratación do Sector Público, a integridade do documento.

Recoméndase aos licitadores a presentación das ofertas coa antelación suficiente para os efectos da correcta utilización da mencionada “Ferramenta de Preparación e Presentación de Ofertas”, de poder solventar calquera dúbida da funcionalidade da mesma. Así mesmo, e ante calquera dificultade técnica que xurda da utilización da citada ferramenta de preparación e presentación de ofertas, deberán poñerse en contacto co buzón de soporte a usuarios: licitacionE@hacienda.gob.es

Recoméndase que cada un dos ficheiros anexados non supere un tamaño máximo de 30 MB.



Tamén que o conxunto de ficheiros anexados non supere un tamaño de 200 MB. En canto ao número de ficheiros anexados recoméndase non anexas máis de 10 ficheiros.

É responsabilidade exclusiva do licitador, se experimenta algunha dificultade á hora de preparar e presentar a súa oferta, contactar coa plataforma de contratación do sector público dentro do prazo de presentación de ofertas para garantir que efectivamente se realizan tódolos pasos necesarios e non se trata dunha dificultade técnica ou un problema de software.

Todas as ofertas entregadas fóra de prazo, porque con antelación suficiente non se realizase nas configuracións necesarias indicadas nos parágrafos anteriores, ou non fosen preparadas para presentala dentro do prazo previsto, serán excluídas do proceso.

Só cando, por causas técnicas imputables á plataforma de contratación do sector público, o licitador non poida presentar a súa oferta dentro do prazo, o órgano de contratación poderá ampliar discrecionalmente o prazo de presentación das ofertas para tódolos licitadores afectados por igual.

Unha vez presentada unha proposición, non poderá se retirada baixo ningún pretexto.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros empresarios se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas proposicións por el subscritas.

A presentación das proposicións supón a aceptación incondicional polo licitador do contido da totalidade das cláusulas ou condicións previstas nos pregos que rexen o contrato, sen salvidade ou reserva ningunha

Forma en que deben presentarse as ofertas:

As ofertas presentaranse en un único sobre/arquivo electrónico asinado electronicamente polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e os requisitos esixidos nos mesmos, dentro do prazo establecido para a presentación das proposicións.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas deste prego.

Forma en que deben presentarse as ofertas.

As ofertas presentaranse **nun único sobre/arquivo electrónico coa seguinte documentación:**

1. **ANEXO I**, declaración responsable asinada electronicamente polo licitador ou persoa que o represente, segundo o modelo incluído no presente prego.

2. **ANEXO II**, oferta económica, *á que se acompañarán as especificacións técnicas ou*





características dos materiais a subministrar, asinada electronicamente polo licitador ou persoa que o represente, segundo o modelo incluído no presente prego.

A oferta avaliarase automaticamente mediante dispositivos informáticos en colaboración cunha unidade técnica que auxiliará ao órgano de contratación.

15. Criterios para a adjudicación do contrato.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase aos criterios de adjudicación que se expresan seguidamente:

CRITERIOS
▶ Prezo. ▶ Prazo Subministración e instalación

A **ponderación** realizarase atendendo ás seguintes regras:

CRITERIO: PREZO	
PONDERACIÓN	Puntuación máxima 5 PUNTOS
Con respecto á mellor contía da baixa ofertada, aplicarase un valor de 5 puntos á mellor das ofertas presentadas, obténdose as demais por comparación proporcional coa mellor polo procedemento de regra de tres.	

CRITERIO. PRAZO:	
PONDERACIÓN	Puntuación máxima 10 PUNTOS
Aplicarase un valor de 10 puntos respectivamente á mellor das ofertas presentadas, obténdose as demais por comparación proporcional coa mellor, polo procedemento de regra de tres.	

“DOSSIER” QUE SE ACOMPAÑA AO ANEXO II
Deberá acompañarse un “dossier” no que se reflectan as características técnicas, funcionais e a marca do material a subministrar. Caso de non aportarse a documentación relacionada nos epígrafes indicados, <u>dará lugar ao rexeitamento da oferta formulada.</u>



A oferta que non cumpra as determinacións mínimas do prego Técnico será rexeitada e excluída da licitación mediante resolución motivada, previo informe técnico no que se acredite tal vicisitude.

No caso de empate entre dúas ou mais proposicións emitirase proposta de adxudicación á que oferte unha maior redución do prazo de entrega, de continuar o empate a que supoña unha maior baixa económica e, de continuar, terán preferencia as empresas que teñan no seu cadro de persoal unha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao que lles impoña a normativa.

16. Acto de apertura.

A apertura e valoración das proposicións presentadas realizarase en acto non público pola mesa ou unidade técnica de contratación.

Se algún dos membros non pode asistir designarase suplente que o substitúa.

Os designados para formar parte nesta unidade técnica están suxeitos ao réxime de abstención e recusación previsto nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Abertas as ofertas, a súa valoración efectuarase pola mesa ou unidade técnica de acordo coas fórmulas establecidas na *cláusula décimo quinta* deste prego, xerándose a proposta de adxudicación a favor do licitador que obteña a mellor puntuación. Deste acto estenderase a correspondente dilixencia que será publicada no perfil do contratante.

Realizada a proposta de adxudicación, a mesa ou unidade técnica procederá, no mesmo acto, a comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

Ademais, no prazo de **cinco días hábiles** o licitador proposto como adxudicatario, deberá presentar calquera outra documentación que non figure inscrita no Rexistro de Licitadores.

De acordo co disposto no artigo 139.1 LCSP, a presentación das proposicións supón a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos nun Estado membro da Unión Europea.

Posteriormente, a mesa realizará a proposta de adxudicación en favor do candidato con mellor puntuación.

Notificada a adxudicación do contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se interpuxeran, a documentación que acompaña ás proposicións quedará a disposición dos interesados. Se estes non retiran a súa documentación nos tres meses seguintes á data en que se lles notifique a adxudicación, a Administración non estará obrigada a seguila custodiando.





17. Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados.

Cando se identifique que unha proposición poida ser considerada desproporcionada o anormal, deberá darse audiencia nun **prazo de tres días hábiles** ao licitador que a presentase para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire aos seguintes valores:

- a) O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.
- b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 da LCSP.
- e) Ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente.

Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

Prezo:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de *25 unidades porcentuais*.
2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de *20 unidades porcentuais* á outra oferta.
3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de *10 unidades porcentuais* á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de *10 unidades porcentuais* a dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a *25 unidades porcentuais*.
4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de *10 unidades porcentuais* á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de *10 unidades porcentuais*, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

18. Revisión de prezos.

Non se contempla.

19. Efectos da proposta de adxudicación. Decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato e desistencia do procedemento de adxudicación pola Administración.



A proposta de adxudicación do contrato non crea dereito algún en favor do licitador proposto, que non os adquirirá, fronte á Administración, mentres non se formalice o contrato.

De conformidade co disposto no artigo 152 LCSP a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato ou a desistencia do procedemento poderán acordarse polo órgano de contratación antes da formalización.

Só poderá adoptarse a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. A desistencia do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa.

20. Adxudicación.

A adxudicación do contrato corresponde ao órgano de contratación.

O órgano de contratación adxudicará o contrato ao licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 LCSP.

A notificación e a publicidade a que se refire o apartado anterior deberán conter a información necesaria que permita aos interesados no procedemento de adxudicación interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación, e entre ela en todo caso, deberá figurar a seguinte:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
- b) Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, os motivos polos que non se admitiu a súa oferta, incluídos, os motivos da decisión de non equivalencia ou da decisión de que as obras, as subministracións ou os servizos non se axustan aos requisitos de rendemento ou ás esixencias funcionais; e unha desagregación das valoracións asignadas aos distintos licitadores, incluíndo ao adxudicatario.
- c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia respecto das que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Na notificación indicárase o prazo en que debe procederse á formalización do contrato, que deberá realizarse non máis tarde dos **quinze días hábiles** seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

21. Formalización.

O contrato perfeccionarase coa súa formalización.

De conformidade co disposto no artigo 99.7 LCSP cada lote constituirá un contrato, salvo en casos en que se presenten ofertas integradoras, nos que todas as ofertas constituirán un contrato.



Non obstante, a tenor do disposto no artigo 159.6 6), a formalización do contrato efectuarase mediante a sinatura de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación.

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axustará con exactitude ás condicións da licitación e ademais poderá formalizarse en escritura pública se así o solicita o contratista, correndo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento. Neste caso, o contratista deberá entregar á Administración unha copia lexitimada e unha simple do citado documento no prazo máximo dun mes desde a súa formalización.

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos **quince días hábiles** seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos, na forma prevista no artigo 151 LCSP.

De conformidade co establecido no artigo 153.4 LCSP cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalice o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 LCSP.

22. Avaliación de riscos.

En aplicación do establecido pola Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, que traspón a Directiva Marco 89/391/CEE, o adxudicatario deberá presentar a avaliación de riscos, na que establece como obriga do empresario:

